

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 10 DE NOVEMBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se regula a composición e funcionamento do Consello de Centros Museísticos de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE

- Acordo polo que se declara o interese autonómico do Proxecto denominado "Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360", situado no Concello de Mos, de acordo co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que autoriza a sinatura da segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Ribeira para acometer a execución das obras de ampliación e mellora do complexo deportivo da Fieiteira cun investimento de dous millóns setecentos corenta e tres mil douscentos trinta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (2.743.235,88 €) IVE incluído.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cervo para a mellora da estrada das Quintás, por importe total dun millón vinte e cinco mil quince euros con cincuenta e tres céntimos (1.025.015,53 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada "Construción dun novo edificio administrativo para a Xunta de Galicia en San Caetano", cun orzamento base de licitación de trinta e tres millóns oitocentos once mil catrocentos corenta e sete euros con doce céntimos (33.811.447,12€) e un valor estimado de vinte e sete millóns novecentos corenta e tres mil trescentos corenta e catro euros con setenta e tres céntimos (27.943.344,73€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América en materia de cultura, por importe total de cento corenta mil euros (140.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación de subministración sucesiva e por prezo unitario de material sanitario necesario para a realización sanitaria por parte do servizo de endoscopia dixestiva para a área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, así como a cesión do uso do equipamento necesario, por un importe total de licitación de catro millóns dous mil setecentos sesenta e un euros con corenta e dous céntimos (4.002.761,42 €) e un valor estimado de seis millóns cincocentos corenta e seis mil douscentos sesenta euros (6.546.260,00€), tramitado como anticipado de gasto.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a iniciativa Conecta Naval para o asesoramento das pemes galegas sobre os fondos europeos dirixidos a este sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre o sometemento a consulta pública previa da elaboración do Anteproxecto de decreto polo que se regula o Estatuto do persoal de investigación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades instrumentais.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Anteproxecto de orde que regula o procedemento de axudas a pacientes con enfermidades raras que se trasladan fóra da Comunidade Autónoma con fins asistenciais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA O CONSELLO DE CENTROS MUSEÍSTICOS, O ÓRGANO ASESOR QUE INTENSIFICARÁ A PARTICIPACIÓN DO SECTOR CULTURAL NA XESTIÓN E MELLORA DOS MUSEOS

- O Consello da Xunta dá luz verde ao primeiro decreto de desenvolvemento normativo da Lei de museos que entrou en vigor o pasado ano
- O novo órgano involucra os profesionais nas decisións ao incluír na súa composición membros das principais entidades do eido museístico
- Intégranse representantes de centros de xestión autonómica, local e privada, así como de órganos consultivos, das tres universidades públicas galegas e de fundacións, asociacións e entidades culturais
- Entre as súas funcións, propondrá melloras na organización destas infraestruturas culturais e ditaminará sobre a creación, modificación ou supresión de centros

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto co que se crea o Consello de Centros Museísticos de Galicia, o órgano asesor adscrito á Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades que involucrará o sector cultural nas decisións ao incluír na súa composición representantes das principais entidades do ámbito museístico. Trátase do primeiro desenvolvemento normativo da Lei de museos que entrou en vigor o ano pasado.

O decreto dá a seguridade xurídica necesaria para poñer en marcha este órgano que resultará esencial para o asesoramento de cuestións que impactarán na mellora do seu funcionamento e visibilidade. O novo Consello de Centros Museísticos de Galicia está composto por unha presidencia, unha vicepresidencia e unha secretaría e oito vogalías onde haberá unha ampla representación das principais entidades do ámbito cultural e museístico. En concreto, estarán representados os centros museísticos de titularidade e/ou xestión pública autonómica, propostos pola persoa titular do órgano directivo con competencias en centros museísticos.

Tamén haberá representación dos centros museísticos das entidades locais, neste caso a proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias. Tamén dos centros museísticos de titularidade privada, cunha rotación entre os distintos centros por cada período de renovación. Inclúese ademais unha persoa en representación do Consello da Cultura Galega ou da Real Academia Galega de Belas Artes ao igual que unha persoa en representación das tres universidades públicas galegas proposta polo Consello Galego de Universidades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Do mesmo xeito, tamén haberá unha persoa en representación das fundacións, asociacións e entidades de dereito público ou privado, de carácter profesional, político, sindical, cultural, educativo ou relixioso de Galicia, por proposta da persoa titular do órgano directivo competente en materia de centros museísticos. Establecerase unha rotación entre as ditas entidades, fundacións e asociacións por cada período de renovación. E a maiores designarase unha persoa de recoñecido prestixio. Na composición do Consello de Centros Museísticos de Galicia procurarase unha presenza equilibrada entre homes e mulleres.

Preto dun cento de museos

O Consello de Centros Museísticos de Galicia funcionará en pleno ou en comisión permanente e poderá establecer grupos de traballo específicos por razón da materia. Entre as súas funcións inclúe propor actuacións e iniciativas para mellorar o funcionamento do Sistema Galego de Centros Museísticos, así como ditaminar sobre a creación, modificación ou supresión de centros.

A posta en marcha deste novo órgano asesor enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia por apoiar e impulsar o sistema museístico galego. Contribuirá a coordinar as políticas públicas de todas as administracións e entidades privadas, tendo en conta que Galicia ten arredor de 90 institucións museísticas rexistradas na nosa Comunidade, nas que se inclúen centros de titularidade pública e privada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA OS INICIOS DOS TRÁMITES PARA DECLARAR A FACTORÍA DO DEPORTE GALEGO-GALICIA SPORTS 360 DE INTERESE AUTONÓMICO POLO SEU ÁMBITO DEPORTIVO E COMPETITIVO

- Resalta que o proxecto do Real Club Celta de Vigo vai máis aló do ámbito municipal e terá “transcendencia en toda a Comunidade”
- A iniciativa defende a idea do deporte como unha actividade de interese público que coaduxa ao crecemento e á cohesión social, á igualdade de xénero, a mellorar o benestar dos cidadáns e ao desenvolvemento do conxunto da Comunidade
- Subliña que o obxectivo é converter a Galicia nun referente “na formación, investigación e industria do deporte”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello acaba de dar luz verde ao proxecto de acordo polo que inician os trámites para declarada proxecto de interese autonómico a Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360, impulsado polo Real Club Celta de Vigo (RC Celta) no Concello de Mos. A previsión, segundo apuntou, é que o proceso hoxe aberto remate “entre xullo e setembro” do vindeiro ano.

Rueda resaltou que esta iniciativa “transcende o ámbito municipal, comarcal e provincial” e terá “transcendeia en toda Galicia” co obxectivo de convertela “nun referente na formación, investigación e industria do deporte”.

A declaración deste proxecto de interese autonómico faise de acordo co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. En concreto, o título I desta lei desenvolve o contido da ordenación do territorio e os instrumentos de ordenación do territorio, entre eles, os proxectos de interese autonómico, que se configuran como instrumentos de intervención directa na ordenación do territorio da Comunidade Autónoma, que teñen por obxecto planificar e proxectar a execución inmediata de actuacións que transcenden o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, a súa magnitude ou as súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado, que non teñan previsión nin acomodo no planeamento urbanístico.

Rueda avanzou que a Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360, do RC Celta, contará con tres agrupacións de infraestruturas: a Cidade Deportiva Afouteza, o Centro Integral para a Capacitación da Industria do Deporte e, por último, a área de servizos-espazo Arena. Deste xeito, tanto polo ámbito estritamente deportivo competitivo como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pola súa vertente económica e de desenvolvemento, este proxecto, que trascende o ámbito municipal, defende a idea do deporte como unha actividade de interese público que coaduxa ao crecemento e á cohesión social, á igualdade de xénero, a mellorar o benestar dos cidadáns e ao desenvolvemento do conxunto da Comunidade Autónoma, fortalecendo o carácter transversal do feito e sistema deportivo galego.

Tres infraestruturas relevantes

A Cidade Deportiva Afouteza consiste nun conxunto integrado de edificacións e instalacións ao servizo do deporte coa finalidade de dotalo da infraestrutura necesaria tanto para as esixencias da preparación de alto rendemento e seguimento dos deportistas das categorías de fútbol profesional do club como para a promoción, fomento e formación das novas xeracións de deportistas. "Ademais permitirá impulsar a creación do equipo de fútbol feminino do Celta", valorou Rueda, quen explicou que, coa apertura da Cidade Deportiva Afouteza, o club reservará para as mulleres as actuais instalacións da Madroa.

No referido ao ámbito formativo, concorre no proxecto presentado segundo o reflectido na memoria, unha concordancia de obxectivos cos programas de desenvolvemento do deporte de base realizados dende a Administración autonómica, e cuxa mais recente mostra son os Núcleos de Adestramento Deportivo Especializado, NADE. Dada a dimensión deportiva do RC Celta, o labor de fomento deportivo, especialmente no ámbito do deporte de base e do deporte feminino, transcende da área metropolitana de Vigo e da propia Comunidade Autónoma.

Paralelamente, o proxecto conta tamén conta cunha importante presenza das vertentes educativa, de innovación e de desenvolvemento do sistema deportivo, e principalmente centrados no Centro Integral para a Capacitación da Industria do Deporte, que será un centro dinamizador e modernizador do seu tecido empresarial que sexa un referente non só na comunidade autónoma ou no noroeste peninsular, senón no ámbito nacional e internacional, e un investimento estratéxico para o seu futuro.

O proxecto significará ademais a contratación dunha gran cantidade de novo persoal para a xestión, a dinamización das actividades e o mantemento das novas instalacións, sendo o Centro Tecnolóxico da Innovación no Deporte, un dos espazos que máis se beneficiará desta nova oportunidade de emprego por ser totalmente de nova creación e pola súa propia natureza.

Por último, a Área de Servizos, principalmente centrada no Edificio Arena, destinado a eventos deportivos cunha capacidade apuntada de ata 10.000 espectadores, e no que se

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

recollerán, entre outros, espazos de ocio deportivo *indoor*, expositivos, ou de restauración e tendas deporte e *merchandaising*.

En definitiva, a declaración de interese autonómico converte a 'Factoría do Deporte Galego – Galicia Sports 360' nun proxecto cun interese supramunicipal cualificado que vai máis aló do ámbito deportivo. A Factoría do Deporte Galego conta coa capacidade para ser un complexo indispensable e necesario que fortaleza a industria do deporte en Galicia e promova o seu desenvolvemento. A dinamización e modernización do tecido empresarial galego posibilitará que o proxecto sexa un referente non só na Comunidade Autónoma ou no noroeste peninsular, senón no ámbito nacional e internacional, así como un investimento estratéxico para o futuro. Preténdese así a creación dunha sede dun nodo de tecnoloxía do deporte a semellanza doutros xa implantados en Europa, do que actualmente carece Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O MÓDULO DE ATLETISMO DE RIBEIRA ESTARÁ LISTO EN 2024 CUN INVESTIMENTO DEFINITIVO DE 2,7 MILLÓNS DE EUROS

- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes achegará o 55% do importe total cunha achega de 1,5 millóns de euros, mentres o concello ribeirense contribuirá co 45% restante
- Tamén se levará a cabo a instalación dun módulo de taekwondo con tres tatamis, que será a base do centro de tecnificación desta disciplina

O Consello deulle luz verde á segunda addenda do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ribeira para as obras de ampliación e mellora do complexo deportivo da Fieiteira, que terá un investimento definitivo de máis de 2,7 millóns de euros (2.743.235,88 euros) nas anualidades de 2023 e 2024. Máis polo miúdo, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, achegará o 55% do importe total cunha achega de 1,5 millóns de euros, mentres o concello ribeirense contribuirá co 45% restante (1,24 millóns de euros).

O complexo deportivo da Fieiteira conta na actualidade cunha pista atletismo aire libre, dous campos de fútbol, piscina, polideportivo, ximnasio e mesmo unha pista *pump track*. Un dos puntos destacados desta actuación será a construción dun módulo cuberto homologado para as probas de velocidade, saltos e lanzamentos. Contará tamén con cabina para foto *finish* e terá un espazo de actuación duns 1.900 metros cadrados.

Ademais, a placa interior da obra albergará na súa parte inferior o almacén, dous vestiarios e ximnasio e na súa parte superior, nun espazo duns 300 metros cadrados, un módulo de taekwondo con tres tatamis, que será a base do centro de tecnificación desta disciplina.

Tanto o módulo de atletismo como o de taekwondo responden a dúas demandas dos deportistas de Ribeira e da comarca do Barbanza que contan con referentes de primeiro nivel para todo o deporte galego. Por unha banda, Ana Peleteiro conta con varias medallas internacionais, ademais de posuír o récord de España de triplo salto feminino. Por outra banda, o Natural Sport Vidalgi é un dos clubs de taekwondo máis laureados de Galicia.

Esta actuación continúa a liña de apoio ás instalacións de atletismo, como demostra tamén a renovación e o acondicionamento da pista do Estadio de atletismo situada no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela; a pista cuberta de Expourense, na que a Xunta xa investiu 4,3 millóns de euros; a instalación do módulo do IFEVI en Vigo e o convenio da primeira pista homologada da Mariña, en Cervo para o ano 2023, así como outras obras nas pistas de atletismo da Estrada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CERVO PARA IMPULSAR A MELLORA DA ESTRADA DAS QUINTÁS CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1 M€

- Remodelarase un treito de vía de 382 metros de longo que carece de beirarrúas e de beiravías e que transcorre entre a conexión coa estrada de Sargadelos e o enlace coa rúa do Vilar a través da ponte sobre o río Xunco
- Ampliarase a calzada co obxectivo de ofrecer unha vía de circunvalación que reduza o paso de vehículos polo núcleo urbano da vila, especialmente polo núcleo antigo
- Reducirase a sinuosidade do trazado da estrada, ampliando os radios e dotándoa dunha calzada con carrís de 3 metros
- A remodelación incluírá a execución dun treito de novo trazado, reservando para a circulación dos peóns a ponte actual sobre o río Xunco
- As obras facilitarán o acceso dos autobuses desde a N-642 ao conxunto histórico de Sargadelos, ademais de favorecer o acceso á residencia proxectada e ao centro de día do municipio
- A Xunta achegará preto de 770.000 €, mentres que o Concello asumirá algo máis de 256.000 €, ademais de licitar e executar as obras
- O Executivo autonómico e o Concello colaboran con esta actuación para favorecer o desenvolvemento económico e social e unha maior calidade de vida da cidadanía

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Cervo para impulsar a mellora da estrada das Quintás, que suporá un investimento de máis de 1 millón de euros.

A Xunta achegará preto de 770.000 €, mentres que o Concello asumirá o importe restante, algo máis de 256.000 €, ademais de licitar e executar as obras.

O obxecto do convenio é levar a cabo unha remodelación un treito de 382 metros da vía, entre a conexión coa estrada a Sargadelos, a CP-15-05, e o enlace coa rúa do Vilar a través da ponte sobre o río Xunco. Esa estrada, cunha largura de 3 metros, carece na actualidade de beirarrúas e beiravías.

Con estas obras ampliarse a calzada desa vía coa finalidade de que funcione como vía de circunvalación do núcleo urbano de Cervo, minimizando o tránsito de vehículos polo centro urbano e, especialmente, polo casco antigo do municipio.

Así, a mellora deste estrada facilitará o acceso desde o núcleo urbano de Cervo e desde a estrada N-642 á aldea e ás fábricas de Sargadelos, complexo siderúrxico e cerámico

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

catalogado como conxunto histórico debido ao seu valor cultural e etnográfico, con importancia turística no concello.

Está previsto reducir a sinuosidade do trazado desta estrada, ao adaptar a súa traza a radios máis amplos e dotala dunha calzada de carrís de 3 metros, sempre acompañados de beiravías de largos variables en función da existencia de beirarrúas.

A remodelación incluírá a execución dun treito de novo trazado, reservando para a circulación dos peóns a ponte actual sobre o río Xunco. Esta nova estrada incluírá tamén beirarrúas na marxe leste, cunha sección de 2 metros que permite o paso de viandantes en ambos os sentidos.

Está previsto aproveitar para engadir sobreanchos que permitan que os autobuses que se dirixen ao conxunto histórico de Sargadelos poidan xirar sen perigo. Así, as obras facilitarán o acceso desde a N-642 a ese conxunto histórico, ademais de favoreceren o acceso á residencia proxectada e ao centro de día do municipio.


As obras terán tamén en conta a reposición e ordenación dos servizos de electricidade e telecomunicacións cuxos postes se atopan colapsados e enredados.

No caso do saneamento, prevese a renovación da rede de pluviais, que permitirá que a auga non se asolague nas zonas chas e se poida conducir de maneira ordenada ata os puntos de vertedura. Instalarase baixo a nova plataforma e sempre que sexa posible baixo a beirarrúa.

Con estas actuacións o Goberno galego, en colaboración co Concello de Cervo, trata de fomentar investimentos que melloren as infraestruturas viarias, coa finalidade de favorecer o desenvolvemento económico e social e achegar unha maior calidade de vida á cidadanía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE O CONSELLO AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DA PRIMEIRA FASE DA CIDADE DE SAN CAETANO EN SANTIAGO, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 33,8 M€

- Destaca que a Xunta prevé licitar “inmediatamente” as obras, que comezarán na primavera cun prazo de execución de 18 meses, ocupando os terreos da antiga estación de autobuses de Santiago
- Resalta que o novo edificio administrativo será exemplo de funcionalidade, condicións de traballo e eficiencia enerxética: “Será un edificio enerxéticamente autónomo”
- Executaranse os dous primeiros módulos do edificio, con sete unidades administrativas e capacidade para arredor de 700 traballadores, nunha superficie útil de 12.172,93 m²
- O edificio configúrase mediante un esquema en espiña de peixe cun vestíbulo xeral que conecta os distintos usos e niveis, dando acceso aos dous bloques, entre os que se disporá un patio interior con arboredo
- Esta intervención terá continuidade nunha segunda fase, o que permitirá dispor dun novo edificio con 4 bloques de uso administrativo
- A Cidade de San Caetano ofrecerá un mellor servizo á cidadanía, un espazo de traballo de maior calidade para os traballadores públicos e suporá un aforro de gasto público en alugueres de máis de 1,1 M€ ao ano
- Tamén suporá unha mellora urbana na contorna, coa urbanización dos espazos contiguos á nova edificación para garantir a súa funcionalidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello autorizou na súa reunión semanal a contratación das obras da primeira fase do edificio administrativo Cidade de San Caetano nos terreos da antiga estación de autobuses de Santiago de Compostela, que suporá un investimento de máis de 33,8 millóns de euros. “Vanse licitar inmediatamente co obxectivo de que comecen en primavera e terán unha duración de 18 meses”, explicou.

Rueda indicou que con esta actuación se impulsa a ampliación do actual complexo administrativo da Xunta, cun triplo obxectivo: ofrecer un mellor servizo á cidadanía; un espazo de traballo de maior calidade para os traballadores públicos e acadar un importante aforro de gasto público en alugueres. “Calculamos que podemos aforrar máis de 1,1 M€ ao ano centralizando aquí instalacións que estaban noutras dependencias, moitos traballadores neste mesmo edificio sen espazos axeitados en outros en alugueres”, resaltou.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta primeira fase executaranse os dous primeiros módulos do edificio, con sete unidades administrativas e capacidade para o contorno de 700 postos de traballo, que poderá ser maior ou menor en función da disposición derradeira e das unidades administrativas que se instalen. O edificio é flexible na súa configuración interior, cos seus respectivos espazos de instalacións, almacéns e arquivos. Contará cunha superficie construída de 13.147,73 m² e unha superficie útil de 12.172,93 m².

O edificio configúrase mediante un esquema en espiña de peixe cun vestíbulo xeral que conecta os distintos usos e niveis dando acceso aos dous bloques, entre os que se disporá un patio interior con arboredo.

Contará con catro andares, dous por baixo e dous por riba da cota de acceso principal desde a praza Camilo Díaz Baliño. O interior de cada un dos bloques distribuirase lonxitudinalmente en dúas bandas funcionais: cara ao sur, unha oficina aberta con fachada acristalada e lamas de formigón de compoñente vertical; cara ao norte, contará con despachos pechados e salas de reunións, configurando unha fachada de formigón en branco, con ocos e miradoiros puntuais.

A cimentación do edificio resólvese mediante pilotes no muro oeste, zapatas corridas baixo os muros, zapatas illadas baixo piares e soleira ventilada. Emprégase unha estrutura mixta de formigón armado (branco no caso de que quede visto) e aceiro.

As cubertas principais, onde se aloxan elementos de instalacións nun dos seus laterais, resólvense cunha solución axardinada.

A obra que se licitará recolle, ademais, unha actuación integrada de edificación e reurbanización do espazo público da contorna inmediata. É especialmente relevante a urbanización do espazo entre o novo edificio e as instalacións do servizo de bombeiros, que se reserva para que no futuro se poida executar a segunda fase do edificio administrativo, con outros dous bloques, pero que quedará á disposición dos cidadáns como espazo público ata ese momento.

O presidente da Xunta resaltou que se busca tamén que o novo edificio administrativo Cidade de San Caetano sexa un exemplo en canto á funcionalidade, condicións de traballo e eficiencia enerxética, polo que no seu deseño prima a eficiencia enerxética: *Nearly Zero Building*. "Será un edificio enerxéticamente autónomo", aclarou Rueda, no que se prevé unha instalación de xeotermia e paneis solares fotovoltaicos na cuberta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén está deseñado para ser un edificio máis seguro fronte á Covid-19, con espazos deseñados cunha moi boa ventilación, polo que as unidades de tratamento de aire terán a capacidade de funcionar sen recircular aire, "algo que aprendemos na pandemia".

O novo complexo de San Caetano

Esta actuación terá continuidade no futuro cunha segunda fase, na que o novo edificio se ampliará ata contar cun total de catro bloques de uso administrativo. Todo iso conectado horizontal e verticalmente por espazos de circulación. A superficie construída final prevese que poderá alcanzar un total de 26.897,76 m² construídos.

A execución da Cidade de San Caetano implica tamén a mellora urbana na contorna, como é a urbanización dos espazos inmediatamente contiguos á nova edificación que garantan a súa funcionalidade.

De modo inmediato e complementario a esta actuación, estase a deseñar a reurbanización da rúa Rodríguez de Viguri, de forma que sexa coherente e complete as actuacións executadas e previstas nesta zona.

Con esta intervención, dun lado, adecuarase a rúa ao novo edificio administrativo e darase continuidade á urbanización levada a cabo no treito anterior de Rodríguez de Viguri. Por outro lado, dotarase dos refuxios definitivos necesarios para o transporte que dá servizo aos traballadores públicos. Ademais, será o punto de partida da senda ciclista que unirá San Caetano coa estación intermodal, Conxo, o Hospital Clínico e O Milladoiro, que se está a impulsar.

A medio prazo, traballarase para adecuar toda a contorna do complexo administrativo, integrando nel o novo edificio, propoñendo unha reurbanización da praza de Camilo Díaz Baliño e reorganizando tamén o tráfico e a mobilidade en xeral. Este traballo, xunto co deseño da segunda fase do complexo administrativo e os usos no espazo do actual edificio de bombeiros e ata as escaleiras existentes na contorna, no lateral da antiga estación, serán obxecto dun proxecto de interese autonómico que se tramitará nos vindeiros anos.

Cómpre lembrar que a Xunta rematou a comezos deste ano as obras de demolición da vella terminal de autobuses de Santiago, unha vez executada a nova terminal e trasladados os servizos de autobuses á estación intermodal. Unha actuación de demolición que supuxo un investimento autonómico de 1,4 M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Infografías da primeira fase da Cidade de San Caetano:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA A SÚA COLABORACIÓN COA COMISIÓN FULBRIGHT PARA QUE CINCO MOZOS POIDAN COMPLETAR A SÚA FORMACIÓN ARTÍSTICA NOS ESTADOS UNIDOS

- Galicia é pioneira entre as comunidades autónomas no establecemento desta iniciativa de colaboración na que inviste 140.000€
- O Goberno galego asume case o 75% do importe das bolsas, destinadas a gastos de viaxe, manutención dos bolseiros, gastos de proxecto, de matrícula e taxas obrigatorias

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á ampliación do acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e a Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) en materia de cultura.

O obxectivo desta cooperación é que cinco mozos que teñan conexión con Galicia por nacemento, residencia, formación en estudos superiores ou artísticos e traxectoria profesional poidan completar os seus estudos nos Estados Unidos coas bolsas que se conceden ao abeiro desta iniciativa. Cómpre sinalar que Galicia é comunidade pioneira no establecemento deste tipo de programas de bolsas en colaboración coa Comisión Fulbright.

A Xunta de Galicia achegará un importe de 140.000 euros, o que supón case o 75% do total. Estas cantidades estarán destinadas a gastos de viaxe, manutención do bolseiro, gastos de proxecto, de matrícula e taxas obrigatorias que poidan existir, así como gastos de xestión. Pola súa banda, a Comisión Fulbright colaborará economicamente cunha achega de 50.010 euros correspondente a gastos de cobertura médica e de accidentes dos bolseiros durante a súa estadía no estranxeiro, entre outros.

Así mesmo, será Fulbright a encargada de preparar e xestionar a convocatoria e o proceso de selección dos bolseiros. Deste xeito farase cargo da xestión de visados, de ofrecer sesións de orientación en España e unha rede de apoio nos Estados Unidos. Ademais, os bolseiros poderán participar en seminarios culturais e científicos organizados pola Comisión e, unha vez rematada a súa estadía, formarán parte da rede de antigos alumnos Fulbright do U.S. Department of State.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas bolsas redundarán tanto na mellora da calidade do traballos das persoas seleccionadas como na súa proxección a nivel galego, estatal e internacional. Nos últimos 30 anos participaron no programa da Comisión Fullbright profesionais que supoñen un exemplo de excelencia académica, creativa e profesional como o artista Francisco Leiro, o pintor Din Matamoro ou a dramaturga Fefa Noia, directora do Centro Dramático Galego entre os anos 2016 e 2019.

Na última convocatoria foron seleccionadas cinco mulleres, que completan ao abeiro destas bolsas a súa formación en música, arte dramática, danzas urbanas, creación e fotografía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COMPRA DE IMPLANTES DE ENDOSCOPIA DIXESTIVA PARA A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA POR 4 MILLÓNS DE EUROS

— A subministración deste material sanitario, por un período de 3 anos, permitirá substituír tratamentos cirúrxicos por técnicas endoscópicas minimamente invasoras nos pacientes con tumores dixestivos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a compra de material sanitario e implantes para a área de endoscopia do servizo de dixestivo da área sanitaria de Santiago e Barbanza por un importe superior aos 4 millóns de euros. Concretamente, con este material prevese cubrir as necesidades dos centros integrados nesta área sanitaria por un período de 3 anos.

O importe total desta contratación, que se estrutura en 9 lotes, ascende a un total de 4.002.761 euros e o procedemento da adxudicación é aberto. Nestes 9 lotes intégrase todo o material funxible necesario nas exploracións endoscópicas dixestivas para a diagnose e tratamento minimamente invasor de lesións tanto no tubo dixestivo como da vía biliar e o páncreas.

Así, a diagnose nas exploracións inclúe a toma de biopsias e mostras de citoloxía; mentres que no tratamento de lesións do tubo dixestivo se abordan os sangrados dixestivos, o tratamento de lesións premalignas ou de estenose do tubo dixestivo. As lesións da vía biliar e o páncreas trátanse coa extracción de cálculos biliares pancreáticos, e con tratamentos para a obstrución destes órganos.

Esta contratación inclúe ademais a adquisición de implantes e material necesario para a realización das técnicas máis avanzadas nesta área da medicina, fundamentalmente no manexo dos pacientes con tumores dixestivos, que permiten substituír tratamentos cirúrxicos por técnicas endoscópicas minimamente invasoras.

A adquisición de material sanitario e implantes para a área de endoscopia do Servizo de Dixestivo é precisa para a prestación de asistencia sanitaria e para o desenvolvemento das técnicas asociadas. A subministración deste material cobre as necesidades dos centros integrados nesta área sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza.

A contratación busca garantir a subministración destes produtos tendo presentes os principios de igualdade no acceso, equidade, calidade e continuidade dos coidados entre

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

niveis asistenciais e sustentabilidade económica das prestacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA CON PYMAR A POSTA EN MARCHA DA OFICINA TÉCNICA CONECTA NAVAL PARA APOIAR AS PEMES DO SECTOR NA CAPTACIÓN DE FONDOS EUROPEOS

- A iniciativa, encadrada na Estratexia Naval de Galicia, busca facer da Comunidade líder na asignación de fondos do Perte, e que as empresas galegas leven a termo os seus proxectos de maneira eficiente e sostible
- Promoverase o desenvolvemento de iniciativas tractoras para a economía galega que permitan xerar crecemento, emprego e competitividade
- As medidas prioritarias para recibir o asesoramento serán aquelas relacionadas coa innovación e a diversificación de produto -prestando especial atención á descarbonización e á procura de enerxías alternativas-, coa sustentabilidade produtiva, a competitividade e a aplicación de novas tecnoloxías
- O Goberno galego segue así a dar pasos na procura de facilitar ao tecido empresarial o acceso aos fondos europeos, xa que esta iniciativa se suma ás oficinas técnicas xa postas en marcha no eido do agroalimentario, á saúde ou á automoción
- A Xunta agarda que se active canto antes o Perte naval, xa que o compromiso do Executivo central fixaba a data no mes de novembro
- No marco da propia Estratexia Naval, activarase un programa de axudas a fondo perdido para investimentos produtivos en estaleiros, a primeira destas características da que disporá a industria
- Porase en marcha unha nova liña, en colaboración coas asociacións empresariais do sector, para a implantación por parte de firmas auxiliares e estaleiros de iniciativas que permitan a medición e a acreditación das mellores prácticas no ámbito da sustentabilidade e da economía circular
- En materia de formación, está en marcha un plan específico, levado a cabo en colaboración con Asime e Aclunaga, co obxectivo de dar formación a máis de 2000 persoas

O Consello da Xunta avaliou hoxe a nova oficina Conecta Naval, que será activada polo Goberno galego en colaboración con Pymar para asesorar as pemes sobre os fondos europeos dirixidos ao sector, con especial atención ao Perte Naval. O obxectivo é impulsar así a innovación, a internacionalización e a mellora competitiva dunha das principais industrias da comunidade, facilitando, para acadar esta meta, a posta en marcha de diferentes proxectos nos que participen o maior número posible de pequenas e medianas empresas.

A oficina configúrase como unha canle con información relevante que brinda ás firmas galegas o apoio necesario para que os proxectos contén coa maior probabilidade posible

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de éxito na captación dos fondos europeos. Neste sentido, a meta é que Conecta Naval converta a Galicia na líder na asignación de fondos do Perte Naval, e que as empresas galegas leven a termo os seus proxectos de maneira eficiente e sostible.

Deste xeito, promoverase o desenvolvemento de proxectos tractores para a economía galega que permitan xerar crecemento, emprego e competitividade. As iniciativas prioritarias para recibir o asesoramento serán aquelas relacionadas coa innovación e a diversificación de produto -prestando especial atención á descarbonización e á procura de enerxías alternativas-, coa sustentabilidade produtiva, a competitividade e a aplicación de novas tecnoloxías.

O Goberno galego segue así a dar pasos importantes na procura de facilitar ao tecido empresarial o acceso aos fondos europeos. De feito, a iniciativa súmase ás oficinas técnicas xa postas en marcha no eido do agroalimentario (a través dun convenio con Clusaga), a saúde (a través dun convenio con Clúster da Saúde) e a automoción (a través de Ceaga).

Así mesmo, a activación de Conecta Naval supón un paso prioritario no desenvolvemento da Estratexia Naval de Galicia 2022-2026, activada este mesmo ano polo Goberno galego de cara a reforzar e xerar sinerxías e posicionar a Comunidade ante o mencionado Perte do sector.

Neste sentido, a Xunta de Galicia espera que o Goberno active canto antes o Perte. O último compromiso do Executivo central foi activar estes fondos europeos no mes de novembro, polo que o Ministerio de Industria debe dar un paso adiante e aprender dos erros cometidos en Pertes anteriores como o da automoción.

O obxectivo da Estratexia, e de Conecta Naval, é facilitar o acceso a estes fondos, sentando as bases sobre as que promover a recuperación e o crecemento do naval que suma, en Galicia, máis de 320 empresas e 11.500 postos de traballo directos -cifra que ascende aos 23.700 contando cos indirectos-, e que representa o 3,4% do PIB galego.

Formación e liña a fondo perdido

Neste sentido, no marco da propia Estratexia estanse a adoptar xa outras medidas, entre as que destaca a próxima activación dunha liña de axudas para investimentos produtivos en estaleiros. Trátase da primeira destas características da que disporá a industria, superando, deste xeito, as limitacións legais vixentes desde a época da reconversión naval.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, activarase unha nova liña en colaboración coas asociacións empresariais do sector, para a implantación por parte de empresas auxiliares e estaleiros de iniciativas que permitan a medición e acreditación das mellores prácticas no ámbito da sustentabilidade e da economía circular.

Estas accións estanse a complementar con outras centradas no eido da formación. Neste marco, está en marcha xa un plan formativo específico, levado a cabo en colaboración con Asime e Aclunaga, co obxectivo de dar formación a máis de 2.000 persoas.

Un traballo que se renovará o vindeiro exercicio adaptando o novo plan formativo aos resultados acadados, e orientándoo cara ás profesións máis demandadas do sector: soldador naval, caldeireiro/armador naval, tubeiro naval, electricista naval, mecánico-axustador naval, habilitador naval, especialista en tratamento de superficies, andamieiro e gruísta.

Deste xeito, a Estratexia Naval segue a dar os pasos necesarios para consolidar a experiencia, a capacidade e os medios técnicos dunha das principais industrias da Comunidade, activando as accións necesarias para o seu crecemento e diferenciación sobre a base dunha axenda integral e consensuada cos axentes do sector. En Galicia existen máis de 320 empresas enmarcadas na industria naval que manteñen máis de 11.500 postos de traballo directos, que xeran uns ingresos de máis de 2.000 millóns de euros e que representan o 3,4% do PIB.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ADIANTA QUE OS INVESTIGADORES DOS CENTROS PÚBLICOS GALEGOS CONTARÁN CUN ESTATUTO PARA DARLLES ESTABILIDADE E MELLORAR A SÚA CALIDADE LABORAL

- O Consello da Xunta inicia os trámites para aprobar un decreto que fixará un marco laboral que oriente a contratación do futuro
- O presidente autonómico considera que esta estabilidade non só servirá para atraer a investigadores doutros países e comunidades, senón para que retorne o talento investigador galego que está neste intre traballando fóra
- O mandatario galego precisou que hoxe se abre o prazo da consulta pública previa para recibir achegas do colectivo coa previsión de que estea aprobado no “primeiro semestre” do ano que vén
- Pon en valor que reforzará a investigación e o desenvolvemento de tecnoloxías que se realiza nos centros públicos para consolidar as capacidades de Galicia en sectores estratéxicos como a biotecnoloxía, a saúde, as ciencias mariñas ou o agrogandeiro
- Óptase polo réxime laboral por ser o que mellor se adapta aos perfís e necesidades dos centros a través dun sistema que busca a excelencia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, adiantou hoxe que o persoal investigador dos centros públicos de Galicia contará cun estatuto que permitirá fixar un marco laboral, que oriente a contratación do futuro, lles dará estabilidade e mellorará a súa calidade laboral.

Rueda informou de que Goberno galego iniciou hoxe no Consello da Xunta os trámites para estabilizar a carreira investigadora na Administración galega a través dun decreto que fixará o Estatuto deste persoal. Desde hoxe ábrese un prazo de 15 días naturais para realizar unha consulta pública previa e recibir as achegas do colectivo co obxectivo, segundo avanzou o presidente, de que poida estar aprobado “no primeiro semestre do ano que vén”.

“A investigación en i+D+i é moi importante, pero a levan a cabo persoas que precisan estabilidade e certezas na súa vida laboral”, defendeu Rueda, quen considerou que o marco laboral que fixe este estatuto non só vai resultar atractivo para atraer a investigadores doutros países e comunidades, senón para que volva a Galicia ese “talento investigador” que está traballando fóra.

Tamén puxo en valor que se reforzará a investigación e o desenvolvemento de tecnoloxías que se están a realizar nos centros do sector público galego para consolidar

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as capacidades en eidos estratéxicos como a biotecnoloxía, a saúde, as ciencias mariñas ou o agrogandeiro.

O presidente da Xunta explicou que se opta polo réxime laboral con acceso por concurso de méritos xa que, segundo argumentou, é o sistema que "favorece a flexibilidade e mobilidade" que require o traballo nestas entidades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA REFOZARÁ AS AXUDAS DESTINADAS OS PACIENTES CON ENFERMIDADES RARAS

- O Executivo galego ultima a modificación dunha Orde que permitirá cubrir os gastos de desprazamento e manutención dos pacientes que padezan unha enfermidade rara, cando sexan derivados a outras comunidade para recibir asistencia sanitaria
- Con esta medida dá resposta ao mandato do Parlamento de Galicia do pasado 5 de outubro de 2022, no que se instaba a actualizar a orde do ano 2001

O Consello da Xunta deu conta esta mañá, na súa reunión semanal, dun informe de mellora asistencial que permitirá cubrir os gastos de desprazamento e manutención dos pacientes que padezan algunha das denominadas enfermidades rara, cando sexan derivados a outras comunidade para recibir asistencia sanitaria

O pasado 5 de outubro, a Xunta recibiu o mandato do Parlamento de Galicia no que a través dunha iniciativa, aprobada por unanimidade, se instaba ao Executivo galego a regular unha prestación que cubra os gastos de aloxamento e dietas das persoas con enfermidades raras, pendentes de diagnóstico ou confirmación do mesmo, cando son derivadas a través do procedemento regulamentario establecido a outras comunidades autónomas, e deste xeito, facer efectivo o dereito a esa asistencia sanitaria.

Coa actualización e modificación da Orde que a Xunta aprobará, antes de que finalice o presente ano, incorporárase o reembolso dunha serie de conceptos de gastos que non posúen a cualificación de sanitarios, pero que sí están estreitamente vencellados á prestación sanitaria, como pode ser o caso dos gastos por desprazamento e manutención para todos aqueles casos en que as persoas que padecen unha enfermidade rara e que, por motivos sanitarios debidamente apreciados polo Servizo Galego de Saúde, se vexa na necesidade de trasladarse fóra da súa localidade de residencia (entendendo como tal a que figure na tarxeta sanitaria).

Neste senso, cómpre apuntar que tamén se abonarán os gastos de desprazamento e manutención dos proxenitores dos pacientes pediátricos que padezan unha enfermidade rara.

Mediante esta medida, avánzase na igualdade no acceso á atención sanitaria, unha conxuntura que en ocasións se ve alterada por razóns de dispoñibilidade económica,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

atendendo por unha banda, a que os importes actualmente previstos na normativa vixente son contías completamente que non están actualizadas; e pola outra, tratando de nivelar non só cuantitativamente, senón tamén de xeito cualitativo, a equiparación e regulación doutras das Comunidades Autónomas, que xa procederon nos últimos anos a actualizar e revisar a normativa vixente nesta materia.

Deste xeito, todos os casos de pacientes con enfermidades raras terán dereito a reclamar os gastos de desprazamento e manutención derivados dá necesidade de recibir o tratamento fóra da Comunidade autónoma galega.

Melloras na asistencia sanitaria das Enfermidades Raras

O Consello da Xunta aprobou o pasado 7 de xuño de 2021, a Estratexia galega en enfermidades raras, un documento estratéxico que ten como obxectivo central o establecer un novo modelo asistencial para este tipo de doenzas, garantindo un prazo de diagnóstico máis reducido; menor variabilidade no manexo; e unha xestión máis áxil, coordinada e eficaz.

Neste senso, a Xunta tamén puxo en marcha, a comezos do ano 2022, tres unidades funcionais multidisciplinares de enfermidades raras situadas en Vigo, A Coruña e Santiago, todas elas dotados con equipos multidisciplinares formados por: un especialista en medicina interna, un especialista en pediatría e un profesional de enfermería.

Dentro do conxunto de medidas adoptadas para mellorar a calidade de vida das persoas que padecen unha enfermidade rara, o Goberno galego anunciou recentemente que, en desenvolvemento desta Estratexia, durante o ano 2023, incluírá no Programa Galego de Cribado Neonatal tres novas enfermidades conxénitas do metabolismo (ECM) que teñen a consideración de raras ou moi raras. En concreto: a Atrofia Medular Espinal (AME), a Inmunodeficiencia Combinada Grave (IDGC) e a Hiperplasia suprarrenal conxénita. Así, amplíaranse deste xeito os recursos de detección precoz de enfermidades xenéticas, endocrinas e metabólicas, en período neonatal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA